

BARROCO

OBRA: FACHADA DO OBRADOIRO DA CATEDRAL DE SANTIAGO

AUTOR: FERNANDO CASAS E NOVOA

ESTILO: Barroco Compostelán

CRONOLOXÍA: 1738-1750

COMITENTE: Cabido da Catedral

LOCALIZACIÓN: Santiago de Compostela



ANÁLISE E COMENTARIO

A gran obra do Barroco Compostelán foi a transformación da catedral, que culminaría no S.XVIII coa fachada do Obradoiro. Os principais arquitectos que interviron neste monumento foron: José de la Peña (autor do Pórtico Real da Quintana, e do remate do ciborio da catedral); Domingo de Andrade, quen levantou a Torre do Reloxo da catedral, e Fernando Casas e Novoa, quen levaría a fachada do Obradoiro. Este último foi discípulo de Andrade, e encargóuselle a fachada do Obradoiro en 1738, na que traballará ata a súa morte en 1749, sendo rematada por **Ferro Caaveiro** e **Fernández Sarela**.

O arquitecto tivo que enfrontarse a varios retos: en primeiro lugar, atopouse cunha escaleira monumental xa construída por Ginés Martínez (1606), o que esixía unha fachada tamén monumental, respectando o que xa estaba construído con anterioridade; en segundo lugar, tamén se levantara por parte doutro arquitecto unha das dúas torres da fachada principal (a das Campás, de Peña de Toro e Andrade). O estado da fachada antes da remodelación era ruinoso, coas torres desiguais e elementos engadidos de diferentes épocas. A nova estrutura había que colocala diante do Pórtico da Gloria do Mestre Mateo. Tratábase de tapar a obra vella dándolle un aire novo e monumental, como a cabeceira. Pero tamén había que resolver o problema de iluminación interior, integrar o edificio na estrutura urbanística da cidade e acoller a escalinata xa comezada, en forma de rombo con dúas rampas que rodean a entrada á antiga cripta románica do Mestre Mateo. Entre o plano da fachada do Obradoiro e o Pórtico da Gloria atópase un nártex cuberto.

Casas e Novoa superou o reto: o pórtico románico quedou oculto tras unha estrutura piramidal e conxugou o estilo da súa época cos elementos anteriores. Organiza a fachada como un gran arco de triunfo por onde entran os peregrinos, un arco enmarcado polas dúas torres a modo de grandes columnas, o que lle dá ao conxunto un gran sentido ascensional, de gusto gótico e cun aspecto de enorme decorado teatral. O autor encubriu a estrutura románica con esta pantalla barroca, con columnas que percorren as torres, provocando que o espectador eleve a súa mirada. A outra gran preocupación era iluminar debidamente o interior da catedral románica que quedaba oculta pola nova fachada barroca. Así, o arquitecto levantou na parte central da fachada o chamado *espello*, unha serie de grandes xanelas con vidreiras, dispostas nas

mencionadas rúas para que a luz ilumine o Pórtico da Gloria medieval, tratando de disimular o máis posible eses enormes vans. Finalmente, completouse a obra cunha riquísima decoración de placas, follas e esculturas.

A fachada do Obradoiro é simétrica e está composta de tres corpos: o central e dúas torres que o flanquean. O corpo central presenta unha estrutura piramidal, con columnas xigantes de orde corintia e fuste estriado que o dividen en tres rúas e unha cornixa en dous niveis. No nivel inferior atópanse tres portas de acceso, a central alintelada baixo arco de medio punto e dividida en dous por un mainel ou parteluz, actúa de eixe de simetría de toda a fachada. As portas laterais son de pequeno tamaño; sobre elas aparecen grandes ventás alongadas en arco de medio punto. No nivel superior, as rúas laterais están ocupadas por grandes ventás en arcos de medio punto, igual que a central, que acolle dúas ventás, separadas por unha cornixa, a inferior en arco de medio punto, e a superior en arco escarzano. Culmina o corpo central da fachada unha espadana cuberta de esculturas: no máis alto aparece unha escultura do apóstolo Santiago como peregrino; a ámbolos dous lados hai dúas parellas de anxos coa cruz da Orde de Santiago; por debaixo están os dous discípulos, Atanasio e Teodoro, como peregrinos, que flanquean unha urna, representación do sepulcro do apóstolo Santiago, e unha estrela, representación das luminarias que viu o ermitaño Pelayo. A urna e a estrela aparecen rodeadas por anxos e nubes.

As torres son idénticas na súa estrutura. A medida que gañan altura vanse estreitando e alixeirando, aparecendo perforada a parte superior. Están rematadas por capiteis. Os corpos das torres están percorridos por pilastras de fuste estriado e veñen marcados por cornixas e balaustradas. Na torre norte ou das Campás aparece a imaxe de Salomé e na sur ou da Carraca, a dos pais do apóstolo Santiago, María Salomé e Zebedeo. Ademais no bloque de reforzo da torre das Campás recoñécense as esculturas de Santiago o Menor e Santa Bárbara, e no da torre da Carraca as de Santa Susana e San Xoán.

A fachada do Obradoiro amosa algunha das características que son propias da arquitectura barroca: verticalidade, reforzada polo progresivo estreitamento dos tres corpos que a compoñen; a ornamentación, con predominio da liña curva; a luz e o movemento, con elementos estruturais e decorativos dispostos en distintos planos de profundidade. Este frontis é o exemplar máis representativo de fachada escenográfica, de fachada telón, e con ela chega o Barroco en Galicia á súa máxima expresión.